MARTA GIRALDEZ BARRAL (1 para 1)
Presidenta
Data de Sinatura: 09/03/2021
HASH: 92b94278e9c2b531e883a30362b54e0e

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE REXIRÁ O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 95.000,00 € SEN IVE

ORZAMENTO BASE: 19.000,00 €; IVE: 3.990,00 €; TOTAL: 22.990,00 €

ÍNDICE

1 Réxime xurídico e procedemento de adxudicación
2 Cláusulas administrativas
2.1 Disposicións xerais.
2.1.1 Obxecto e necesidade do contrato.
2.1.2 Órgano de Contratación.
2.1.3 Presuposto Base de Licitación anual.
2.1.4 Valor Estimado.
2.1.5 Prezo do Contrato.
2.1.6 Existencia de Crédito e financiamento.
2.1.7 Prazo de duración.
2.1.8 Perfil do Contratante.
2.1.9 Notificacións Telemáticas.
2.1.10 Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais.
2.2 Cláusulas especiais de licitación.
2.2.1 Presentación de proposicións.
2.2.2 Documentos e datos dos licitadores de carácter confidencial.
2.2.3 Subsanación de documentos.
2.2.4 Forma e prazo de presentación das proposicións.
2.2.5 Efectos da presentación de proposicións.
2.2.6 Mesa de Contratación.
2.2.7 Apertura e exame das proposicións presentadas nos sobres.
2.2.8 Criterios de adxudicación:
2.2.9 Ofertas anormalmente baixas.
2.3 Adxudicación.
2.3.1 Clasificación das ofertas.
Aptitude para contratar, capacidade e compatibilidade.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 22

Prohibición de contratar.
Solvencia, Clasificación e Adscrición de medios.
Solvencia económica e financeira.
Solvencia Técnica.
Clasificación.
Adscrición de medios.
Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
Obrigas tributarias.
Unión Temporal de Empresarios.
2.4 Adxudicación.
2.5 Perfección e formalización do contrato.
3 Dereitos e obrigas das partes.
3.1 Abonos ao contratista.
3.2 Obrigas do contratista.
3.2.1 Obrigas laborais, sociais, fiscais e de protección de medio ambiente.
3.2.2 Mantemento de condicións laborais durante a execución dos contratos.
3.2.3 Obrigas do contratista en supostos de subcontratación.
3.2.4 Obrigas relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións.
3.3 Tributos.
3.4 Dereitos de propiedade intelectual ou industrial.
3.5 Revisión de prezos.
3.6 Cesión do contrato.
4 Execución do contrato.
4.1 Valoración dos traballos.
4.2 Condicións especiais de execución do contrato considéranse condicións especiais do contrato as seguintes.
4.3 Responsable do contrato.
4.4 Unidade encargada do seguimento e execución do contrato.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 22

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES (PCAP) QUE REXIRÁ O PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

TRAMITACIÓN ORDINARIA. LICITACIÓN ELECTRÓNICA.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 95.000,00 € SEN IVE

ORZAMENTO BASE: 19.000,00 €; IVE: 3.990,00 €; TOTAL: 22.990,00 €

1 RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

O contrato a que se refire o presente prego, en virtude do disposto no artigo 25.1.a) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do parlamento europeo e consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014 é de natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas disposicións de desenvolvemento.

O artigo 17 da LCSP establece que son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra subministro, incluíndo aquelas na que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por un prezo unitario.

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e na súa falta no dereito privado.

O presente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), o prego de prescricións técnicas e demais anexos, terán carácter contractual.

O contrato axustarase ao contido do presente PCAP cuxas cláusulas se considerarán parte integrante do respectivo contrato.

En caso de discordancia entre o presente Prego e calquera do resto dos documentos contractuais, prevalecerá o PCAP no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumirán as partes do contrato.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos, anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Mancomunidade , que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obrigación do seu cumprimento.

Ademais do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, terán carácter contractual a oferta presentada polo adxudicatario e o documento de formalización do contrato.

Xustificación de elección do procedemento.- En cumprimento do establecido no art. 159 da LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto simplificado e levarase a cabo atendendo a unha pluralidade de criterios de adxudicación, de conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 da LCSP.

Xustifícase por ser un dos procedementos de adxudicación ordinarios e non concorrer circunstancias e recomenden acudir a un procedemento restrinxido, nin ningún dos supostos que permitan utilización de calquera outro tipo de procedemento (artigo 131.2 da LCSP).

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 22

2 CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS.

2.1 Disposicións xerais.

2.1.1 Obxecto e necesidade do contrato.

A Mancomunidade do Salnés presta de maneira mancomunada aos concellos de Cambados, Meaño, Meis, Ribadumia e Vilanova de Arousa un servizo público de atención ás mulleres en situación de vulnerabilidade, que ten como obxectivo dar resposta de xeito persoal e inmediato ás necesidades das usuarias de ditos concellos da comarca, ofrecéndolles un asesoramento xurídico, asistencia psicolóxica, intervención por parte da axente de igualdade, así coma información ampla en materia de recursos.

Dado o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos, obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixen un elevado custo, tanto de instalación, de adquisición coma de funcionamento e xestión, que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar un servizo, neste caso Axente de Igualdade, que na actualidade se considera imprescindible.

Preténdese, por tanto, a contratación dun/ha axente de igualdade, mediante contrato de servizos por procedemento aberto simplificado; con suxeición ao prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), así como ao de condicións técnicas (PPT) que describe as tarefas e os contidos mínimos que debe respectar a prestación do servizo, así como as características do equipo técnico encargado da súa realización, documento que se considera parte integrante do presente prego e se incorpora como anexo ao mesmo.

Visto a artigo 99.3 LCSP que establece que sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse na realización independente de cada unha das partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente salvo nos casos de contratos de concesión de servizos.

No presente contrato non se prevé a división en lotes das diversas prestacións (persoais e materiais ou división en lotes do propio persoal) xa que podería supoñer risco na correcta execución do contrato, xa que se o persoal se pon a disposición por parte de distintos contratistas fallaría a coordinación adecuada entre eles, e polo tanto a calidade do servizo a prestar.

A codificación correspondente para este servizo da nomenclatura de vocabulario de contratos públicos (CPV) é a seguinte:
98200000-5 Servizos de asesoramento sobre igualdade de oportunidades.

Aos efectos esixidos no artigo 28 da LCSP, a natureza e extinción das necesidades que se pretenden satisfacer é a realización de accións para a loita contra a discriminación por razón de sexo, promovendo a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral e contribuír así ao crecemento e á cohesión social.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 22

2.1.2 Órgano de Contratación

De conformidade co artigo 61 da LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída á facultade de celebrar contratos no seu nome.

A disposición adicional segunda da LCSP dispón que corresponde aos Presidentes das Entidades Locais as competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de servizos, cando o seu valor estimando non supere o 10% dos recursos ordinarios do presuposto, nin en calquera a contía dos 6 millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración no sexa superior a catro anos, incluídas as eventuais prórrogas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do presuposto do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

Sen prexuízo do anterior os órganos de contratación, poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia, co cumprimento das normas e formalidades aplicables á delegación ou descontracción de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos.

Para o presente contrato, o órgano de contratación é a Presidenta da Mancomunidade do Salnés.

Enderezo: Paseo da Calzada, S/N, Cambados – 36630. Pontevedra.

Enderezo web: https://mancomunidadedosalnes.com/.

Enderezo sede electrónica: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/info.0

Teléfono: 986521115; Fax: 986526092.

E-mail: contratación@osalnes.com

2.1.3 Presuposto Base de Licitación anual.

De conformidade co establecido no artigo 100 da LCSP o presuposto base de licitación ascende ao importe de 19.000,00 €, 3.990,00 € de IVE, 22.990,00 € total. Neste importe enténdense incluídos os custes directos e indirectos do persoal segundo o convenio colectivo sectorial aplicable e categoría.

Toda oferta superior a dita cifra será automaticamente rexeitada.

2.1.4 Valor Estimado

O valor estimado do contrato segundo o disposto no artigo 101 da LCSP, por un período de un ano mais catro prórrogas, ascende á cantidade de importe (sen IVE): 95.000,00 €.

Eventuais prórrogas anuais: Ata un máximo de 4 prórrogas.

2.1.5 Prezo do Contrato.

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo. No prezo do contrato consideraranse engadidos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 22

2.1.6 Existencia de Crédito e financiamento.

Partida orzamentaria: de gastos: 21.241.226.99.

2.1.7 Prazo de duración.

Con carácter xeral e, salvo as prórrogas que se fagan sobre o presente contrato, o prazo de execución do servizo será dun ano, que comprende dende a firma do contrato ata o 31 de marzo de 2022.

Prevense ata un máximo de 4 prórrogas anuais, que requirirán a concesión das vindeiras subvencións por parte da Secretaría Xeral de Igualdade.

2.1.8 Perfil do Contratante.

No perfil do contratante da Mancomunidade do Salnés publicarase, a licitación, a adxudicación do contrato, así como calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no art. 63 LCSP.

O acceso público ao perfil de contratante efectuarase a través da páxina web da Mancomunidade do Salnés cuxa dirección é a seguinte: https://mancomunidadedosalnes.com/perfil-do-contratante/

2.1.9 Notificacións Telemáticas.

Todas as notificacións e comunicacións que realice a Administración practicaranse a través do Sistema de notificacións Telemáticas da Mancomunidade do Salnés. As notificacións recolleranse no Servizo de Notificación Telemática – Portal do Cidadán ao que se accede a través da seguinte dirección https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/info.1

O envío da documentación que poida ser requirida ao licitador por parte dos servizos correspondentes, realizarase a través da sede electrónica https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/info.1

En ambos casos, os licitadores deberán contar con sistemas de sinatura electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada, baseados en certificados electrónicos cualificados de sinatura electrónica que lles permita recoller as notificacións na mesma aplicación.

2.1.10 Carácter transversal dos criterios sociais e ambientais.

De conformidade co establecido no apartado 3 do artigo 1 e concordantes da LCSP, os criterios sociais e ambientais son recollidos no presente prego de maneira transversal, en especial en canto ás condicións xenerais de execución, e esixencia do cumprimento da normativa laboral (en especial cumprimento de convenios e obrigacións de pago de salarios así como de prevención de riscos laborais), normativa social (persoas con discapacidade, igualdade de xénero, non discriminación persoas) e ambiental (adopción de medidas ambientais e ecolóxicas).

2.2 Cláusulas especiais de licitación.

2.2.1 Presentación de proposicións.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 22

A presentación da proposición presupón a aceptación incondicional pola parte do licitador das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar co ente contratante.

A oferta presentarase en DOUS SOBRES ou ARQUIVOS ELECTRÓNICOS, conforme o art. 159 da LCSP, xa que neste procedemento contémplanse criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

OS DOUS SOBRES OU AQUIVOS ELECTRÓNICOS DENOMINARANSE "CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS."

2.2.2 Documentos e datos dos licitadores de carácter confidencial.

Os licitadores deberán indicar cales documentos (ou parte dos mesmos) ou datos dos incluídos nas ofertas teñen a consideración de confidenciais, sen que resulten admisibles as declaracións xenéricas de confidencialidade de todos os documentos ou datos da oferta.

A condición de confidencial deberá reflexarse claramente no propio documento que teña tal condición, sinalando ademais os motivos que xustifiquen tal consideración. No se considerarán confidenciais documentos que non fosen expresamente calificados como tal polos licitadores.

2.2.3 Subsanación de documentos.

A presentación de declaracións responsables do cumprimento de requisitos de participación será obxecto de subsanación polos licitadores a requirimento dos servizos do órgano de contratación ou da mesa de contratación, cando non se houbera presentado, ou non estivera adecuadamente cumprimentada a presentada.

Igualmente o proposto como adxudicatario poderá subsanar a falta ou incompleta presentación dos documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos de participación que lles sexan requiridos con carácter previo á adxudicación do contrato.

En ambos casos concederase ao licitador un prazo de tres días, a contar desde o seguinte ao de recepción do requirimento de subsanación.

De non subsanarse a documentación no prazo, o órgano, ou no seu caso a mesa de contratación, entenderá que o licitador desiste da súa oferta.

2.2.4 Forma e prazo de presentación das proposicións.

A Mancomunidade do Salnés utilizará medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos procedementos contemplados na LCSP, que como mínimo comprenderá as seguintes actuacións: Presentación de ofertas e solicitudes de participación.

Ditas actuacións, deberán ser realizadas a través da PLATAFORMA DE CONTRATACIÓN DO SECTOR PÚBLICO (en adiante PLACSP), accesible dende a seguinte dirección web: https://contrataciondelestado.es, garantíndose en todo momento a libre concorrencia, non discriminación e restrición de acceso a dito procedemento.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 22

A presentación de ofertas e documentos, así como as notificacións e comunicacións entre o Órgano de Contratación e os interesados para este procedemento, realizarase exclusivamente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP), co seguinte enderezo electrónico: https://contrataciondelestado.es.

Os licitadores deberán presentar os documentos electrónicos en formato PDF e asinados mediante sinatura electrónica recoñecida, que garanta a identidade e integridade do documento, a oferta e tódolos documentos asociados á mesma, nos que sexa necesaria a sinatura do apoderado.

En dita dirección web, terán dispoñible toda a documentación relativa á licitación en curso e, na que poderán plantexar preguntas, solicitar aclaracións, presentar as ofertas e recibir as notificacións, así como o exercicio de calquera outros dereitos que a normativa aplicable ao proceso de contratación en curso lle confira como licitante.

2.2.5 Efectos da presentación de proposicións.

Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desestimento do procedemento de adxudicación pola Mancomunidade.

A presentación de proposicións supón por parte do empresario a aceptación incondicional das condicións deste Prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Mancomunidade.

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá, fronte á Mancomunidade, mentres non se formalice o contrato.

De conformidade co disposto no artigo 152 LCSP, a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou o desestimento do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. O desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

2.2.6 Mesa de Contratación.

A mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a cualificación da documentación administrativa, así como para realizar a avaliación e clasificación das ofertas. A súa composición publicarase a través do perfil de contratante ao publicar o anuncio de licitación.

A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario e o Interventor, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 22

A composición da Mesa publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente e contará cos seguintes membros:

PRESIDENTE:

- Jose Ramón García Guinarte, Xerente da Mancomunidade do Salnés ou persoa que a substitúa.

VOGAIS:

- Carmen Merino Moína, Secretaria- interventora da Mancomunidade do Salnés ou persoa que a substitúa.
- Ana María Balsa Álvarez, AEDL da Mancomunidade do Salnés ou persoa que a substitúa.
- Begoña Verísimo Alonso, Coordinadora do Programa Integrado de Emprego da Mancomunidade do Salnés ou persoa que a substitúa.
- Eva Piñón Montero, técnico de Turismo da Mancomunidade do Salnés ou persoa que a substitúa.

SECRETARIA:

- María del Carmen Merino Moína, Secretaria da Mancomunidade do Salnés ou persoa que a substitúa.

2.2.7 Apertura e exame das proposicións presentadas nos sobres.

A oferta presentarase en dous sobres ou ARQUIVOS ELECTRÓNICOS, conforme o artigo 159.d da LCSP, xa que no procedemento se contemplan criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor.

2.2.8 Criterios de adxudicación:

A mellor oferta das presentadas será aquela que obteña a maior puntuación de acordo aos seguintes criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas (TOTAL PUNTUACIÓN. 100 PUNTOS):

A) CRITERIOS PUNTUABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR (ATA 25 PUNTOS):

A.1) Memoria organizativa da empresa, con mención das titulacións e formación do persoal que leve a cabo o servizo. (Ata 15 puntos)

A.2) Metodoloxía a empregar na prestación do servizo. (Ata 10 puntos)

B) CRITERIOS PUNTUABLES ARITMÉTICAMENTE (ATA 75 PUNTOS):

	ATA 30 PUNTOS	
B.1) EXPERIENCIA EN PRESTACIÓN DE SERVIZOS ANÁLOGOS: (máximo 30 puntos)	1-2 anos	5 puntos
	3-4 anos	10 puntos
	4-6 anos	20 puntos
	6-8 anos	30 puntos

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 22

B.2) ACREDITACIÓN DA EMPRESA DE QUE DISPÓN (propiedade, cesión ou aluguer) DE CENTRO NA COMARCA DO SALNÉS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PROPOSTAS	**5 PUNTOS**
B.3) ACREDITACIÓN DE IMPARTIR FORMACIÓN EN MATERIA DE PSICOLOXÍA (MOTIVACIÓN, XESTIÓN DO ESTRÉS, ANSIEDADE...)	**15 PUNTOS**
B.4) PREZO. OFERTA ECONÓMICA: Valorarase con 25 puntos á empresa que ofreza o importe máis baixo, puntuando o resto das ofertas de forma proporcional atendendo á seguinte fórmula: **Pi = Pmxp x (Oferta más económica / Oferta a valorar)** *Sendo: Pmxp a puntuación máxima prevista para o prezo como criterio económico, e Pi a puntuación resultante de aplicar a fórmula.*	**ATA 25 PUNTOS**

A valoración final das ofertas, que servirá de base ao órgano de contratación para realizar a adxudicación, será da suma das puntuacións dos criterios anteriormente citados.

No caso de que dous ou más empresas empaten na súas ofertas, seguiranse os criterios de desempate recollidos no artigo 147.2 de la LCSP. A documentación acreditativa destas circunstancias será requirida polo órgano de contratación aos licitadores coas ofertas en condición de empate, outorgándolle un prazo improrrogable de 3 días hábiles para a súa comprobación.

2.2.9 Ofertas anormalmente baixas.

Aquela proposición na que o importe ofrecido sexa inferior en máis dun 10% da media total dos ofrecidos considerarase desproporcionada. Tamén se considerará oferta desproporcionada aquelas que presenten unha baixa máxima do prezo superior ao 25% do presuposto de licitación.

No caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos indicados anteriormente, a Mesa seguirá o procedemento previsto no o artigo 149 LCSP.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comproban que son anormalmente baixas porque vulneren a normativa sobre contratación ou non cumpran as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Entenderase en todo caso que, a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custes propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 22

Cando a empresa que houbese estado incursa en presunción de anormalidade resultara adxudicataria do contrato, o órgano de contratación velará pola adecuada execución do contrato, sen que se produza a merma na calidade dos servizos contratados.

2.3 Adxudicación.

2.3.1 Clasificación das ofertas.

Unha vez valoradas e clasificadas as ofertas, a mesa de contratación realizará os seguintes trámites:

1.º Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato acreditado coa mellor puntuación.

2º.- Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas clasificadas do Sector Público ou no Rexistro de Licitadores da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa está debidamente constituída, conta coa correspondente habilitación empresarial, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta a solvencia económica, financeira e técnica, no seu caso que conta coa clasificación esixida e non está incursa en prohibicións de contratar.

3º.- Requirir á empresa que obtivese a mellor puntuación mediante comunicación electrónica para que no prazo de 10 días hábiles a contar desde o envío da comunicación aporte o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se houbese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2.

Cando o licitador proposto como adxudicatario teña que presentar outra documentación esixida no prego de cláusulas ou de prescricións técnicas será requirido para que o presente neste prazo.

Presentada a documentación correspondente, nun prazo non superior a 7 días, o órgano de contratación procederá a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado a súa formalización.

De non cumprimentarse adecuadamente coa presentación de toda a documentación indicada dentro do prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose no seu caso a recompilar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

Verificación da documentación aportada. O servizos técnicos de contratación verificará que o proposto como adxudicatario acredita documentalmente o cumprimento de todos os requisitos de participación esixidos.

Aptitude para contratar, capacidade e compatibilidade.

A aptitude para contratar inclúe a capacidade de obrar, solvencia ou clasificación e a non incursión de prohibición para contratar.

Poderán concorrer á adxudicación do contrato, as persoas sexan naturais ou xurídicas cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais séxanlle propias, sempre que non estean incursas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional ou clasificación, segundo os casos.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 22

As empresas estranxeiras comunitarias deberán estar habilitadas para realizar a prestación que se trate de acordo á lexislación do Estado no que estean establecidas, de modo que cando a lexislación do Estado esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito e sempre que conforme á lexislación do Estado de orixe se atopen habilitadas para realizar a prestación de que se trate.

As empresas estranxeiras non comunitarias, deberán reunir ademais, o requisito establecido no artigo 68 LCSP., xustificando mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos e entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP en forma substancialmente análoga.

Non poderán concorrer ás licitacións empresas que participaran na elaboración das especificacións técnicas ou documentos preparatorios do contrato sempre que dita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

Prohibición de contratar.

Non poderá contratarse coas persoas en quen concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 71 LCSP.

Solvencia, Clasificación e Adscrición de medios.

Para licitar, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación debendo estas vinculadas ao seu obxecto e ser proporcionais ao mesmo.

No momento da licitación soamente se presentará a declaración do Anexo .

Posteriormente, a documentación acreditativa da solvencia ou clasificación, habilitación especial e da adscrición de medios, presentarase soamente e cando lle sexa requirida ao licitador que presentou a mellor oferta.

Solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse polo medio seguinte:
Volume anual de negocios no ámbito ao que se refire este contrato, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario por importe igual ou superior a 28.500,00 euros.

O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Solvencia Técnica: Relación dos principais servizos realizados polo interesado no curso dos últimos 3 anos, de igual ou similar natureza que constitúa o obxecto do

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 22

contrato, na que indique importe, a data e o destinatario, público ou privado, por importe igual ou superior ó orzamento deste contrato.

Os servizos realizados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este ou, a falla deste certificado unha declaración do empresario na que constarán o importe, as datas e lugar de execución das obras, precisando que se levaron normalmente a bo termo.

Aos efectos de determinar a correspondencia entre os traballos acreditados e os que constitúen o obxecto do contrato, cando exista clasificación aplicable a este último entenderase ao grupo e subgrupo de clasificación ao que pertencen uns e outros, e nos demais casos á coincidencia entre os dous primeiros díxitos dos seus respectivos códigos CPV.

No caso de empresas de nova creación, entendendo por estas as que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos, a solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios previstos nas letras b) a f) do artigo 89.2 LCSP.

Clasificación: Non se require

Adscrición de medios: Os licitadores deberán adscribir á execución do contrato os medios persoais e materiais suficiente para levala a cabo.

Obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Obrigas tributarias:

a) Orixinal ou copia compulsada do alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas ao devandito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto. Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria. As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, o alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

b)Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RXLCAP.

Obrigas coa Seguridade Social: Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RXLCAP.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 22

Unión Temporal de Empresarios.

Poderán licitar as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor debendo ter, ao menos, a duración do contrato.

Estarán obrigados solidariamente ante esta Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato deriven ata a extinción do mesmo.

Aos efectos de valorar e apreciar a concorrencia do requisito de clasificación, respecto dos empresarios que concorran agrupados, atenderase ás características acumuladas de cada un deles, expresadas nas súas respectivas clasificacións.

En todo caso será necesario para proceder a esta acumulación que todas as empresas obtiveran previamente a clasificación como empresa de obras, sen prexuízo do establecido para os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea e de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (artigo 69.6 LCSP).

Para os casos en que sexa esixible a clasificación e concorran na unión empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea nin dun Estado signatario do acordo sobre o Espazo Económico Europeo e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado signatario do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, os que pertenzan aos dous primeiros grupos deberán acreditar a súa clasificación, e estes últimos a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional (artigo 69.5 LCSP).

Desempates: De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas tras a aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:

a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.

b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.

c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.

d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditalos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos. Para ese efecto, os servizos correspondentes do órgano de contratación requirirán a documentación pertinente ás empresas afectadas.

2.4 Adxudicación.

A adxudicación do contrato deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no perfil de contratante. A notificación conterá a información necesaria que

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 22

permita aos interesados interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación á que se refire a cláusula 2.3.2.

2.5 Perfección e formalización do contrato.

O contrato perfeccionase coa súa formalización. En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización. Os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días a contar desde o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento. Si se tratara dunha UTE, o seu representante deberá presentar ante o órgano de contratación a escritura pública da súa constitución, CIF correspondente e nomeamento de representante con poder suficiente. Cando por causas imputables ao adxudicatario non se houbese formalizado o contrato dentro do prazo indicado, o contrato adxudicase ao seguinte licitador por orde no que houberan quedado clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida na cláusula 2.3.2. A formalización realizarase en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación. En ningún caso poderán engadirse cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación. A formalización dos contratos deberá así mesmo publicarse no perfil de contratante.

3 DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES.

3.1 Abonos ao contratista.

O importe da adxudicación, efectuarase mediante pagamento de maneira total ou parcial, con cargo aos créditos previstos no presuposto municipal, previa presentación da correspondente factura detallada dos servizos realizados polo adxudicatario, conformada polo Responsable do contrato, cos requisitos regulamentarios esixidos, e fiscalizada pola Intervención da Mancomunidade.

Facturación electrónica.- A Mancomunidade do Salnés adheriuse ao punto xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado, denominado FACe, punto xeral de entrada de facturas que comezou a funcionar con carácter obrigatorio o pasado 15 de xaneiro de 2015.

Os provedores para remitir as súas facturas deberán facelo a través de FACe no seguinte enlace https://face.gob.es

CÓDIGOS DIR3 DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS

Os Códigos da Mancomunidade do Salnés para a presentación dunha factura electrónica son os seguintes:

Oficina contable: L05360005.

Unidade tramitadora: L05360005.

Órgano xestor: L05360005

3.2 Obrigas do contratista.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 22

3.2.1 Obrigas laborais, sociais, fiscais e de protección de medio ambiente.

O persoal que a empresa adxudicataria deba contratar para atender as súas obrigas dependerá exclusivamente desta, sen que á extinción do contrato poida producirse en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos como persoal do órgano contratante.

O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, de seguridade social, de integración social de persoas con discapacidade, de prevención de riscos laborais e de protección do medio ambiente que se establezan tanto na normativa vixente como nos pregos que rexen a presente contratación.

O órgano de contratación poderá sinalar no PPT o organismo ou organismos dos que os licitadores poidan obter información pertinente relativa ás citadas Obrigas

3.2.2 Mantemento de condicións laborais durante a execución dos contratos.

A empresa adxudicataria deberá garantir ás persoas traballadoras adscritas á execución do contrato e durante toda a súa vixencia, a aplicación e mantemento estrito das condicións laborais que estableza o convenio colectivo de aplicación.

O contratista deberá pagar aos seus traballadores o salario correspondente, cuxo importe e modalidades será o establecido no convenio colectivo de aplicación, así como manter ditas condicións mentres dure a execución do contrato e os seus eventuais prórrogas.

O mesmo compromiso esixirase ás empresas subcontratistas, sendo responsabilidade do contratista principal asegurar o seu cumprimento fronte á entidade contratante.

O incumprimento dos compromisos de mantemento das condicións laborais será causa de resolución dos contratos.

Se quen incumprise o compromiso fose un subcontratista, o adxudicatario, a requirimento do órgano de contratación, resolverá o subcontrato, sen indemnización algunha para o adxudicatario.

O contratista responderá os salarios impagados aos traballadores afectados pola subrogación, así como das cotizacións da Seguridade Social devengadas, aínda que se resolva o contrato e os traballadores sexan subrogados a un novo contratista que non asumirá estas Obrigas en ningún caso.

3.2.3 Obrigas do contratista en supostos de subcontratación.

A celebración de subcontratos polo contratista estará sometida ao cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 215 LCSP.

Para a celebración de subcontratos por parte do contratista será necesario que este comunique ao órgano de contratación, en todo caso, de forma anticipada e por escrito a intención de celebrar os subcontratos, xunto coa documentación que xustifique a aptitude do subcontratista para executar a parte da prestación que se pretende subcontratar, e unha declaración responsable do subcontratista de non estar incurso en prohibición de contratar coa Administración.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 22

3.2.4 Obrigas relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións.

O contratista estará obrigado, salvo que o órgano de contratación decida encargarse directamente e así llo faga saber de forma expresa, a xestionar os permisos, licenzas e autorizacións establecidas nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para o inicio e execución do servizo, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios

3.3 Tributos.

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores como nas propostas de adxudicación, entenderanse comprendidos a todos os efectos, os tributos de calquera índole que graven os diversos conceptos, excepto o Imposto sobre o Valor Engadido, que será repercutido como partida independente de acordo coa lexislación vixente.

3.4 Dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

Se o contrato por obxecto o desenvolvemento e a posta a disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial levará aparellada a cesión deste á Administración contratante.

3.5 Revisión de prezos.

En cumprimento do establecido no artigo 103 da LCSP, o presente contrato non está suxeito a revisión de prezos.

3.6 Cesión do contrato.

Os dereitos e obrigas derivados do contrato poderán ser obxecto de cesión polo contratista a un terceiro nos termos do artigo 214 LCSP, cando así se estableza no prego de cláusulas.

4 EXECUCIÓN DO CONTRATO.

4.1 Valoración dos traballos.

O contrato executarase con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste Prego e no PPT aprobados polo órgano de contratación e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste dera o contratista o órgano de contratación ou o responsable do contrato.

4.2 Condicións especiais de execución do contrato considéranse condicións especiais do contrato as seguintes:

O relativos ós deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 22

4.3 Responsable do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 62 da LCSP desígnase como responsable do Contrato a Jose Ramón García Guinarte que lle corresponderá supervisar a execución e adoptar as decisións, así como ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización do servizo.

Ademais, son funcións do responsable do contrato:

a) Interpretar o prego de prescricións técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato ou en disposicións oficiais.

b) Exixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.

c) Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.

d) Propor as modificacións que conveña introducir para o correcto desenvolvemento dos servizos.

e) Expedir, no seu caso, as certificacións parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e aboamento que se houberan acordado.

f) Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento dos servizos.

g) Convocar cantas reunións estime pertinentes para o correcto desenvolvementos dos servizos e supervisión, á que estará obrigada a asistir a representación da empresa adxudicataria, asistida de aqueles facultativos, técnicos, letrados ou especialistas da mesma que teñan algunha intervención na execución do servizo.

4.4 Unidade encargada do seguimento e execución do contrato.

De conformidade co artigo 62 LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria deste contrato será o Xerente da Mancomunidade, Jose Ramón García Guinarte.

En Cambados, á data da sinatura electrónica.

A PRESIDENTA,

Marta Giráldez Barral

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 22

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

ANEXO I: DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS LEGALMENTE ESIXIDAS PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN

D./Dna. con DNI e domicilio a efectos de notificación en , provincia de , nº de teléfono e nº de fax e correo electrónico, no que me comprometo a aceptar como válidas todas as notificacións electrónicas que se me envíen a , en nome propio ou en representación da empresa " " con CIF , á que represento no procedemento aberto simplificado, para a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

Declara responsablemente que todos os datos aportados nesta declaración son exactos e que cumpre con todos os requisitos previos exixidos no apartado primeiro do artigo 140 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 para ser adxudicatario do contrato de servizos en concreto:

1- Que a empresa á que representa, con CIF , está validamente constituída e que conforme ó seu obxecto social pode presentarse á presente licitación.

2- A persoa que asina a proposta ten poder bastante para representar á empresa neste procedemento de contratación.

3- A empresa conta coa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional / ou conta, no seu caso, coa clasificación esixida para este contrato que se especifica no prego e que a mesma se atopa vixente.

4- No caso de requirimento da administración ou de resultar a mellor oferta, comprométome a presentar a documentación que se sinala nos pregos.

5- Nin o asinante nin a entidade á que represento nin ningún dos seus administradores ou representantes se acha incurso en ningún dos supostos a que se refire o artigo 71.3 da LCSP.

6- Non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo dos referidos na Lei 5/2006 nin da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

7- A empresa está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal, autonómica e local, así como no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

8- A empresa atópase inscrita no Rexistro de Licitadores de , co número e as circunstancias que figuran no mesmo non experimentaron variación.

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 22

9- A empresa NON/SI (sinalar o que proceda) pertence nin está integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos do artigo 42 do Código de comercio; a denominación social das empresas vinculadas é:

10- Autorizo ao órgano de contratación a solicitar os datos que fosen necesarios para comprobar a veracidade da declaración.

En , a de de 2021.

O/A LICITADOR/A,

(Asinado e rubricado)

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 22

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

ANEXO II: CRITERIOS PUNTUABLES ARITMÉTICAMENTE DISTINTOS DO PREZO.

Aportar xustificantes dos seguintes epígrafes:

- Experiencia como Axente de Igualdade (facturas ou contratos vinculados ao servizo):
- Acreditación da empresa de que dispón de centro na Comarca do Salnés (en propiedade ou aluguer)
- Acreditación de impartir formación en materia de psicoloxía (motivación, xestión do estrés, ansiedade...)

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 22

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.

ANEXO III: CRITERIOS PUNTUABLES ARITMÉTICAMENTE: PREZO. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

D./Dna. con DNI e domicilio a efectos de notificación en , provincia de , nº de teléfono e nº de fax e correo electrónico, no que me comprometo a aceptar como válidas todas as notificacións electrónicas que se me envíen a , en nome propio ou en representación da empresa " " con CIF , á que represento no procedemento aberto simplificado, para a CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DUN/HA AXENTE DE IGUALDADE NO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS, fai constar:

1.- Que coñece os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións técnicas do presente contrato e acepta cantas obrigas se deriven dos mesmos.

2.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa administración.

3.- Que se compromete, en nome (propio ou da empresa que representa) a executar a prestación obxecto de licitación e de acordo coas condicións ofertadas, polo prezo anual de euros (sen IVE), euros de IVE; o que fan un total de euros. **(1)**

(1) Indicar as cantidades en letra e número (en caso de discordancia, prevalecerá o indicado en letra)

En , a de de 2021.

O/A LICITADOR/A,

(Asinado e rubricado)

Cod. Validación: 6G4FSKPSQ52LDGPKT7LGJMR9N | Corrección: https://mancomunidadedosalnes.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 22